

# MUSEO PROVINCIAL DO MAR

## Rede Museística

### Área de Cultura da Deputación de Lugo

*“Guiada da man dun soño a Primavera chegou”*(Manuel María)

#### OBRADOIROS PARA OS DÍAS DE LECER DA SEMANA SANTA 2016

*Guiada da man dun soño  
a Primavera chegou.  
E todas as andoriñas  
no ceo azul convocou.*

Así comeza un poema de Manuel María, poeta ao que este 2016 se dedica o Día das Letras Galegas. Versos que nos convocan ao renacer que trae canda si a primavera, que nos animan a saír e gozar do que vive ao noso arredor.

Nos museos da Rede Museística tamén hai vida, e cores, e obxectos que provocan en nós sentimentos, emocións, curiosidade ...

Con Manuel María, e con todos vós, pretendemos que os días de lecer desta Semana Santa sexan tamén de aprendizaxe e descuberta. En cada un dos museos da Rede Museística que xestiona a Área de Cultura da Deputación de Lugo, temos un variado programa de obradoiros e propostas que vos van facer voar como voan as andoriñas no poema de Manuel María.

*Todo é voar e voar,  
e andar de aquí para alá.  
Todo é un ir en un vir  
dende aquí deica acolá!*

\*\*\*\*\*

#### OBRADOIROS

##### **O Pau da igualdade**

En numerosas culturas indíxenas o pau é un instrumento de procura de auga, de mudanza das condicións meteorolóxicas. Pretendemos utilizar este símbolo non realizar maxia, senón que xerar unha reflexión sobre a igualdade independentemente da cultura ou o xénero.

Data: 19 de Marzo

Horario: 11:30h a 13:00h

Idades: 6 a 14 anos (Club Pequeamig@s)

Prazas: 10

##### **Outra de piratas**

A piratería é un elemento inherente á historia dos mares que se converte en figura xa da mitoloxía e da literatura universal. Piratas que xa estiveron presentes en máis obradoiros deste museo e que neste son tamén mulleres, ou acaso non houbo mulleres nos barcos corsarios? Nos barcos piratas?

Data: 22 de Marzo

Horario: 11:30h a 13:00h

Idades: 6 a 14 anos (Club Pequeamig@s)

Prazas: 10

### **O Noso Son**

Este proxecto consiste nun percorrido sonoro pola historia cultural e artística da nosa comunidade. Os diferentes Museos da Rede Museística ofrécennos a oportunidade de coñecer como era a vida en Galicia en diferentes épocas, así como as súas manifestacións artísticas e outros aspectos do seu patrimonio material pero poucas veces temos a oportunidade de escoitalas, de beber nas fontes inmateriais das historias e narracións orais. Este proxecto propón dar voz e vida aos obxectos que viven no museo a través das persoas que o visitan. Non se precisan coñecementos musicais, nin ter vocación teórica senón unha firme vontade para explorar as realidades sonoras e divertirse ao mesmo tempo.

Data: 22 de Marzo

Horario: 17:00h a 18:30h

Idades: todos os públicos (Club Pequeamig@s, Club Ei! e Club Sénior)

Prazas: 15

Web deste obradoiro: <http://onososon.espaciorojo.com/presentacion/>

### **Fíos e Tecidos: o tear**

Obradoiro impartido por monitores/as da Asociación “Clío Reconstrucción Histórica”. Os asistentes adquirirán nocións básicas sobre o tecido, as súas técnicas e as materias primas empregadas, adaptando cada taller aos fondos de cada un dos museos.

Data: 23 de abril

Horario: de 12:00 a 13:00 h.

Prazas: 15 por sesión

Idades: de 8 a 16 anos (Club Pequeamig@s e Club Ei!)

### **MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES**

**As inscricións deben realizarse no departamento de Didáctica do Museo**

Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo. Tfno.: 982 59 45 72 /

[museodomar@museolugo.org](mailto:museodomar@museolugo.org)

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 /

[xerenciaredemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerenciaredemuseos@deputacionlugo.org)

E para estar ao día de todo o que pasa nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, síguenos en facebook, twitter e na web

<http://www.redemuseisticalugo.org>



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DO MAR